



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE 5 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE BENS MUNICIPAIS”, Ó ABEIRO DO PLAN DE CONCELLOS 2019 LIÑA 3 EMPREGO E CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

O Concello de Mondariz Balneario acolleuse á convocatoria de axudas para a contratación, en réxime temporal, dentro do Plan de Concellos 2019, liña 3 Persoal e Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Deputación Provincial subvencionou a contratación de 5 peóns destinado á execución do proxecto **“CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE BENS MUNICIPAIS”** .

Segundo se establece na mencionada na normativa de aplicación, o Servizo Galego de Colocación remitirá a correspondente relación de candidatos, recaendo no Concello a competencia para efectuar a selección entre estes.

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas, e establece-los criterios para a súa selección.

As prazas ofertadas, teñen as seguintes características:

. PRAZAS: 2 PEÓNS FORESTAIS

1. Duración: 6 MESES
2. Xornada: 25 horas semana.
3. Retribucións Salariais:

| | |
|--|--------------|
| Salario Bruto incluída prorrata pagas extras | 699,93 €/mes |
| Seguridade Social- Cota patronal | 242,88 €/mes |

. PRAZAS: 3 PEÓNS CONSTRUCIÓN

4. Duración: 6 MESES
5. Xornada: 25 horas semana.
6. Retribucións Salariais:

| | |
|--|--------------|
| Salario Bruto incluída prorrata pagas extras | 699,93 €/mes |
| Seguridade Social- Cota patronal | 264,57 €/mes |

O carácter temporal desta praza, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Deputación Provincial de Pontevedra fai que se aproben os seguintes



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, **adoptase a seguinte RESOLUCIÓN:**

1.- Aprobar a correspondente oferta de emprego das prazas antes mencionadas, tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida ó Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Traballo e Benestar.

2.- Aprobar as seguintes bases para a contratación temporal antes referida.

BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 6 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE BENS MUNICIPAIS”, Ó ABEIRO DO PLAN DE CONCELLOS 2019 LIÑA 3 EMPREGO E CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA. É obxecto da presente convocatoria a provisión, en réxime temporal, polo prazo de 6 meses, de 5 peóns destinados á execución do proxecto **“CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE BENS MUNICIPAIS”.**

.- 2 PEÓNS FORESTAIS (Grupo de cotización 10)

- 7. Duración: 6 MESES
- 8. Xornada: 25 horas semana.
- 9. Retribucións Salariais:
Salario Bruto incluída prorrata pagas extras 699,93 €/mes

.- 3 PEÓNS CONSTRUCIÓN (Grupo de cotización 10)

- 10. Duración: 6 MESES
- 11. Xornada: 25 horas semana.
- 12. Retribucións Salariais:
Salario Bruto incluída prorrata pagas extras 699,93 €/mes

2ª.- CONVOCATORIA.- A contratación efectuarase previa oferta xenérica de emprego



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

efectuada a través da oficina do Servizo Galego de Colocación de Pontareas.

3ª.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

3.1.-Requisitos dos solicitantes:

a).- Nacionalidade:

- Os españois e nacionais dos Estados membros da Unión Europea.
- O cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os dos seus cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- Persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Etranxeiros con residencia legal en España

b).- Idade: Ter cumpridos 18 anos de idade.

c).- Titulación: Os aspirantes deberán estar en posesión graduado en educación secundaria obrigatoria ou certificado de escolaridade no seu caso.

d).- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou dificulte o desempeño das funcións propias do posto de traballo. Se acreditará mediante certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico.

e).- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do Servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f).- Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Aquelas persoas que superen o proceso selectivo, quedarán sometidas ao réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/1984 e demais disposicións ao efecto.

4º.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS ASPIRANTES.- Os aspirantes de acordo coa normativa que regula este tipo de axudas serán preseleccionados pola Oficina do Servizo Galego de Colocación de Pontareas sendo citados por esta para a súa presentación no Concello de Mondariz Balneario. Unha vez preseleccionados pola Oficina de Emprego poderán solicitar participar no proceso selectivo presentando instancia que se xunta a estas bases. O prazo de presentación rematará o día 17 de xuño de 2019.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

5ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados e as probas realizadas. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido na base oitava das que regulan o Plan Concellos 2019 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Terán preferencia, segundo o especificado nas bases citadas os candidatos que cumpran os seguintes requisitos:

- a) As vítimas de violencia de xénero.
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos.
- c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ao seu cargo.
- d) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa.
- e) As persoas candidatas con cargas familiares.

6ª.- COMISIÓN SELECCIONADORA

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

| | |
|--------------------|--------------------------------|
| PRESIDENTE: | D. Severino Pérez Melón |
| VOCAIS: | Dª. María José López Rodríguez |
| | Dª. Romina Velasco Groba |
| | Dª. Luís Canabal Liñares |
| SECRETARIA: | Dª. Ana Celia Barcia Rodríguez |

7ª.- SELECCIÓN.- O tribunal reunirse o día 19 de xuño de 2019 e realizará a valoración dos méritos alegados polos aspirantes determinando a puntuación que lle corresponda de acordo co seguinte baremo de méritos:

A) Circunstancias persoais:

1. Segundo o dispoñen as Bases publicadas no BOP nº 242 de 18 de decembro de 2018:



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

- a. Candidatos Vítimas de violencia de xénero: **1,5 puntos.**
- b. Candidatos maiores de 45 anos: **1,0 punto.**
- c. Candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: **0,75 puntos. Deberá acreditar documentalmente este feito, presentando copia cotexada do libro de familia, etc...**
- d. Candidatos con niveis de renda mais baixa. Nivel de renda da unidade familiar (que inclúe cónxuxe, ou parella de feito, fillos e filias menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade), renda *per cápita*.

Valores de referencia:

- IPREM mensual 548,60 €.
- IPREM Anual 12 pagas 6.583,20 €.
- IPREM Anual 14 pagas 7.680,35 €

Renda do candidato inferior ou igual ao 50% IPREM 2019 **0,5 Puntos**

Renda do candidato superior o 50% IPREM 2019 e inferior ou igual ao 100% IPREM 2019 **0,25 Puntos.**

- e. Candidatos con cargas familiares. Entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: **máximo 0,25 puntos** (previa acreditación documental: Libro de Familia, Volante de Empadramento, Certificados de Pensións, Certificados da Oficina de Empeso, etc.).
- Familias de dous membros: 0,05 puntos
- Familias de tres membros: 0,10 puntos
- Familias de catro membros: 0,15 puntos
- Familias de cinco ou máis membros: 0,25 puntos

Non haber sido seleccionado en programas de cooperación do Concello de Mondariz Balneario no ano 2018: **1,00 Punto.**



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

B) Proba práctica:

Así mesmo realizarase unha proba práctica os candidatos que poderá ser teórica ou práctica ou teórica-práctica, para determinar o grado de coñecemento das funcións a desenvolver. A proba valorarase ata un máximo de **5,00 Puntos**. Será **necesario a superación desta proba para optar a contratación cunha puntuación mínima de 2,5 puntos** .

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración das circunstancias persoais e a proba práctica, serán propostos para as prazas. No caso de que haxa que dirimir un empate para unha praza resolverase a favor do candidato que leve máis tempo sen haber sido contratados en programas de colaboración do Concello de Mondariz Balneario, e, de persistir o empate, aplicando e ponderando os criterios establecidos nas Bases do Plan Concellos 2018.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina Web.

A Comisión de selección formulará proposta de contratación ó Sr. Alcalde, conforme co art.61-12-c) do R.D. 2568/86, de 28 de novembro.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

8º. LISTA DE RESERVA

1.- Rematado o proceso selectivo, elaborará unha lista de reserva, cunha validez de 6



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

meses dende o inicio do servizo, integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2.- No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a presentar nova oferta no Servizo Galego de Colocación

9º.- INCIDENCIAS

A aprobación das Bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos nos casos e na forma prevista pola Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Para o non previsto nestas Bases e naquilo que as contradigan, serán de aplicación a Lei, 7/85 do 2 de abril, o R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o R.D. 896/1991 do 7 de xuño, e demais normas de aplicación.

10º.- DOCUMENTACIÓN:

Documentación a presentar:

- Solicitud en modelo normalizado.
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempleado emitido pola Oficina de Emprego.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:

- Sentencia de separación ou divorcio.
- Libro de familia.
- Certificado emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal da percepción de



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

prestacións ou subsidios por desemprego ou, se for o caso, de que o desempregado non percibe prestación ou subsidio algún.

- Declaración de IRPF do último exercicio ou, no seu caso, certificado de imputacións emitido pola Axencia Tributaria.
- Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais de la Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal.

O que manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, en Mondariz Balneario a data que figura a marxe, ante min, o secretario, que certifico.